



Vilares Ferro, o primeiro pola dereita, cos membros do grupo de investigación nunha imaxe recente

O traballo dun grupo da UDV acada ámbito e creto internacional

O equipo está dividido polo catedrático Vilares Ferro e formado por tres profesoras

NOVEDAD

Adegas Valtea
crea un mosto
por escurrido
de alta calidad

Redacción

■ Adegas Valtea lanzará en breve al mercado una original oferta vitivinícola, el mosto Flor de Alvariño, obtenida por extracción por escurrido de las uvas en su momento óptimo de maduración y tratamiento. Adegas Valtea —ubicada en Portela, parroquia de Vilar, municipio de Crecente—, «ofrece un mosto rigurosamente natural y de primerísima calidad», ha subrayado Lázaro Moreno, gerente de la compañía, que añade: «Desde una perspectiva social, nuevos productos como este contribuye a una explotación integrada y global del medio rural, dentro siempre de la filosofía de un desarrollo sostenible», tal como en el caso de Valtea certifican los sellos ISO 14.001 de gestión medioambiental e ISO 22.000 de seguridad

O equipo está dirixido polo catedrático Vilares Ferro e formado por tres profesores de Enxeñería Informática, dous de Filoloxía e varios becarios da Universidade de Vigo

Redacción

■ Falar hoxe en día da investigación no ámbito da Informática aplicada á xestión da información é tamén falar do grupo de investigación Compiladores y Lenguajes (COLE) da Escola Superior de Enxeñería Informática da Universidade de Vigo. Este grupo, dirixido polo catedrático na área de Ciencias da Computación e Intelixencia Artificial, Manuel Vilares Ferro, leva varios anos buscando e atopando novos avances no mundo das tecnoloxías informáticas aplicadas a este ámbito.

No grupo COLE traballan soamente cinco profesores a tempo completo, tres na Escola de Enxeñería e dous na Facultade de Tradución e Filoloxía. O resto dos investigadores son becarios financiados polos propios fondos dos proxectos e contratos en marcha, o que, segundo Vilares, «da fe da eficacia na xestión de gasto». Ademais, o coordinador do grupo sinala que «a dirección dunha treintena de proxectos en convocatoria pública e os contratos con empresas e institucións tanto dentro como fóra das nosas fronteiras avalan unha coidada planificación que soubo sacar o mellor partido a un reducido número de investigadores».

Colabora e traballa con consorcios e centros de investigación europeos

A día de hoxe, o grupo atende tres proxectos de investigación, un convenio e dous contratos, ao que lle hai que unir a participación activa nas actividades de dúas redes científicas, unha das cales está coordinada polo profesor Vilares, trátase da rede PLIR.

As tres universidades

PLIR reúne a sete grupos de investigación das tres universidades galegas, e traballa nun ámbito no que o grupo COLE se especializou xa fai tempo: a recuperación de información e o tratamento computacional das linguaxes naturais; é dicir, das linguaxes de comunicación humana.

A todo isto, engade Vilares, «hai que sumarlle o labor de divulgación do traballo desenvolvido por todos os investigadores, algo que non conta con financiación nin axuda específica e que supón unha parte importante dos esforzos de COLE». Para Vilares, «trátase dun traballo de risco, paciente, sen garantías de éxito e cuxos resultados só poden verse a medio ou longo prazo». Porén, cada vez máis, as iniciativas xorden de parte do potencial cliente. «É moi reconfortante constatar que algo tan simple

como o boca a boca e o teu propio traballo seguen sendo a mellor tarxeta de presentación, que o teu esforzo é útil e que as liñas de investigación postas en marcha conectan coa realidade e dan fruto».

Poucos saben por exemplo que, coincidindo coa visita o pasado mes de xullo á factoría de PSA Peugeot Citroën en Vigo do presidente Philippe Varin, o grupo COLE foi invitado a realizar unha presentación a porta pechada para o director técnico mundial de infraestruturas do grupo, Jean-Pierre Dumoulin. O mesmo que fixeron este mesmo ano na Subdirección Xeral dos Arquivos Estatais, e tamén en dous centros de referencia do CSIC (Consejo Superior de Investigaciones Científicas).

Para manterse nese nivel de traballo, COLE realiza continuos intercambios dos seus membros, tanto profesores como becarios, con centros de prestixio internacional como o INRIA e o CNRS franceses, as universidades de Sussex, Leeds, Edimburgo ou París VII, a centros tecnolóxicos como a EPFL suíza, e un longo etcétera.

Ademais, as actividades de COLE son coñecidas por grupos como Marcel-Dassault Aviation (o construtor dos Mirage), Este-

rel Technologies (proveedor de tecnoloxía para os Airbus A380 e A400), ou France Telecom.

Preguntado sobre o anecdotario destes últimos anos, Manuel Vilares non dubida: «Hai moitas anécdotas. No lado po-

Unha iniciativa tan exitosa e eficiente como descoñecida

sitivo, o contacto que nos podería levar a colaborar nunha iniciativa cuxo destinatario final sería o MI5 británico, algo que non pode senón facerte voar a imaxinación, que primeiro non te cres e logo verificas unha e outra vez cando o propoñen, porque pensas que te están tomando o pelo. Simplemente é algo que non te esperas».

Traballo infravalorado

Vilares conclúe que «o grupo de investigación COLE, o máis produtivo da escola, cunha produción que equivale case á de os demais grupos do centro xuntos e cun impacto nacional e internacional recoñecido e consolidado, non contou con representación na elaboración do novo título de grado do centro».

«O mesmo ocorreu —engade— coas propostas de posgrao. É algo que se comenta por si e que ilustra o estado real das cousas máis alá de declaracións grandilocuentes cuxo único horizonte parece ser político».

gestión medioambiental e ISO 22.000 de seguridade alimentaria máis a certificación Galicia Calidade que posee a bodega.

Acogida al Consejo Regulador de Rías Baixas, Adegas Valtea ha obtenido en los últimos años diversos reconocimientos.

PREMIO

La Fundación CEO fomenta la excelencia empresarial

Redacción

■ La Fundación CEO para el Desarrollo Empresarial, de la Confederación Empresarial de Ourense, convoca los V Premios Transfronterizos a la Excelencia Empresarial, que distingue a pequeñas y medianas empresas (pymes) de Galicia y del norte de Portugal cuyo esfuerzo haya contribuido a la modernización de la eurrerregión. El premio contempla cuatro categorías: Innovación, Internacionalización, Responsabilidad social y Nuevo emprendedor. La edición de este año se presenta bajo el lema *Transformar el presente, ganar el futuro*. Las candidaturas pueden ser presentadas por las propias empresas o entidades públicas o privadas con domicilio en territorio español o portugués. Más información en www.ceo.es.